



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025

1. CAMBIO DE LUGAR DE CELEBRACIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME E RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025.....	2
2. CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO AO MÉRITO CULTURAL A DON ALEJANDRO CAÍNZOS CORBEIRA.....	3
REMATE DA SESIÓN.....	5
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	5





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na Casa da Cultura do Concello de Ponte deume, sendo as vinte horas e cinco minutos do día vinte e un de febreiro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente o Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria accidental municipal

A Secretaria accidental municipal:

D^a María Roca Vázquez

A Interventora municipal

Non asiste.

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. CAMBIO DE LUGAR DE CELEBRACIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME E RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025.

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

CAMBIO DE LUGAR DE CELEBRACIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME E RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEDeC: 2025/G006/000053

Logo de ver que concluíu a instrución do procedemento para a concesión da Medalla ao Mérito Cultural, Categoría de Ouro, a Don Manuel Alejandro Caínzos Corbeira; quen foi durante máis de 30 anos o bibliotecario-arquiviero do Concello de Pontedeume.

E interese deste goberno que a entrega desta medalla se materialice nun acto público, do que os veciños e veciñas do Concello podan participar; e de feito estanse a enviar invitacións ao acto as diferentes asociación que conforman o tecido cultural do Concello de Pontedeume.

E por elo, que se considera que o salón de Plenos do Concello non ten a capacidade suficiente para albergar a todas as persoas invitadas e aqueles outras que pretendan acudir ao acto.

Logo de ver o artigo 85.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

*É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:*

PRIMEIRO.- *Cambiar o lugar celebración da sesión extraordinaria e urxente de día 21 de febreiro de 2025, que se celebrará na Casa de Cultura do Concello de Pontedeume*

SEGUNDO.- *Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 21 de febreiro de 2025 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:*

ÚNICO.- . CONCESIÓN DA MEDALLA AO MÉRITO CULTURAL, CATEGORÍA DE OURO, A DON MANUEL ALEJANDRO CAÍNZOS CORBEIRA.”.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP) o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Cambiar o lugar celebración da sesión extraordinaria e urxente de día 21 de febreiro de 2025, que se celebrará na Casa de Cultura do Concello de Pontedeume

SEGUNDO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 21 de febreiro de 2025 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

ÚNICO.- . CONCESIÓN DA MEDALLA AO MÉRITO CULTURAL, CATEGORÍA DE OURO, A DON MANUEL ALEJANDRO CAÍNZOS CORBEIRA

2. CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO AO MÉRITO CULTURAL A DON ALEJANDRO CAÍNZOS CORBEIRA.

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DA MEDALLA AO MÉRITO CULTURAL, CATEGORÍA DE OURO, A DON MANUEL ALEJANDRO CAÍNZOS CORBEIRA (Expediente: 2023/X999/000040) (Expediente: 2023/X999/000040)”

PROPOSTA DE ACORDO

Expediente: 2024/G006/000273

Co obxecto de premiar excepcionais merecementos, servizos destacados, accións e traballos valiosos en calquera dos aspectos social, político, cultural, científico, artístico ou aportacións singulares en orden o engradecemento e prosperidade de Pontedeume, o Concello poderá outorgar no sucesivo Honores e Distincións, tales como Medallas do Concello, Medallas ó Merito, Títulos de Fillos Predilectos e Adoptivos de Pontedeume, Membros Honorarios da Corporación e igualmente erixir monumentos, bustos, colocación de placas conmemorativas e denominación de rúas, prazas, avenidas, edificios, parques ou paseos co nome de aquelas persoas ou entidades que a xuicio da Corporación teñan méritos especiais ou presten servizos extraordinarios a Pontedeume.

A medalla ó mérito cultural pode ser de tres categorías: ouro, prata ou bronce.

A concesión desta Medalla terá como mérito especial premiar a aquelas persoas ou Entidades que teñan sido relevantes no aspecto cultural e pola prestación de servizos ó Concello

Tendo en conta que o Pleno da Corporación acordou a incoación do expediente e procedeuse a dar cumprimento ao trámite de información pública segundo o regulamento municipal, no que non se presentou alegación algunha, segundo consta no informe de rexistro de data 15/01/2025

Consta publicación no taboleiro de anuncios do Concello dende o 22.11.2024 ata o 14.01.2025 ambos inclusive; no BOP número 226 do 22 de novembro de 2024 e nos xornais La Voz de Galicia e El Diario de Ferrol o día 22/11/2024

Os méritos de quen sexa merecedor do mesmo serán:

- A realización de traballos extraordinarios de incontestable importancia no aspecto cultural, e de defensa do noso patrimonio cultural.
- A laboriosidade exemplar e extraordinaria capacidade de grandes iniciativas e realizacións levadas a cabo e postas de manifesto en beneficio dos cidadáns e da propia vila de Pontedeume.
- En xeral, os feitos exemplares que, redundando en beneficio de Pontedeume e os seus cidadáns, revistan importancia ou signifiquen unha constante protección e promoción dos intereses sociais e culturais do noso pobo e dos seus fillos.

Tódalas distincións a que fai referencia o Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

Tendo en conta que foron nomeados como membros instructores da Comisión que recabará información dos seus méritos a Don Antonio Fraga Allegue, Dona Natalia de la Peña Calvo, Don Carlos de Castro, e Dona Eva Veiga Torre, sendo a secretaria das actuacións, a da Corporación

O expediente requirirá acordo do Concello Pleno, adoptado alomenos co voto favorable da maioría absoluta da Corporación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Recibidos informes de merecemento da concesión da Medalla ó mérito cultural na categoría de ouro a don Manuel Alejandro Caínzos Corbeira, que obran no expediente, por parte de:

*Don Antonio Fraga Allegue
Dona Eva Veiga Torre
Don Carlos de Castro
Dona Natalia de la Peña Calvo*

*Viso o informe da Secretaría Xeral, secretaria a súa vez da Comisión instructora, de data 17/02/2025 e a vista do mesmo e da súa proposta a esta Alcaldía en funcións, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación:*

ÚNICO.- Conceder a medalla ó mérito cultural na categoría de ouro a Don Manuel Alejandro Caínzos Corbeira, arquivista-bibliotecario do concello de Ponte deume, actualmente xubilado, en recoñecemento pola súa labor en pro da cultura eumesa e os servizos prestados ao concello.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno. ”.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras que integran o Pleno (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP) o **ACORDO seguinte:**

ÚNICO.- Conceder a medalla ó mérito cultural na categoría de ouro a Don Manuel Alejandro Caínzos Corbeira, arquivista-bibliotecario do concello de Ponte deume, actualmente xubilado, en recoñecemento pola súa labor en pro da cultura eumesa e os servizos prestados ao concello.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as vinte horas e dez minutos do expresado día, dando paso á celebración do acto de entrega da medalla a don Alejandro Caínzos Corbeira.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 27.03.2025 segundo o borrador asinado o día 07.03.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

